

VIEIROS

Edición xeral

XESÚS MANUEL MARCOS, GAÑADOR DO MERLÍN

Manuel Veiga gaña o Xerais de novela cunha obra sobre o regreso do exilio

O XXI Premio Xerais de novela e o XIX Merlín de Literatura Infantil entregáronse esta noite en Vigo, no Centro Social Caixanova. O de novela foi para o texto *O exiliado e a primavera*, do xornalista monfortino Manuel Veiga. O Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil foi para *O brindo de ouro*, unha novela de aventuras e maxia do caurelao Xesús Manuel Marcos.

- 21:46 12/06/2004

O xornalista [Manuel Veiga](#), au tor xa de dous textos de narrativa ('As ruínas da cidade amada' e 'Biografías de malogrados', regresa ao tema da memoria cunha novela sobre o exilio e o seu retorno no tardofranquismo. O enfrontamento cunha "sociedade apática e desmemoriada" é o centro dun texto no que Veiga levaba traballando dende 1997.

Pola súa banda, o funcionario de Xustiza [Xesús Manuel Marcos](#) levaba anos apartado da literatura e tamén de Galiza. O seu texto, "O brindo de ouro", ambientado nos montes caurelaos, narra a aventura dun grupo de heróis de tempos antigos e busca "mergullar os lectores na épica da maxia".

Estes son os premios máis cobizados de Galiza pola súa dotación económica (15.000 e 7.500 euros respectivamente), pola súa traxectoria e pola súa difusión. No vintecinco aniversario da editorial, o acto de entrega estaba previsto para a illa de San Simón, pero [Edicións Xerais](#) decidiu trasladalo a Vigo en sinal de dó polos falecidos e desaparecidos no naufraxio do '[Bahía](#)' de Cesantes.

Tamén se entregou no decurso da noite o VIII premio Xerais á cooperación no labor editorial, que entrega Edicións Xerais e que non ten valor económico. Este ano, dirixíronllo á crítica en xornais, e representárono nas figuras de Xose Manuel Eyré (A Nosa Terra), María Xesús Domínguez (Fadamorgana e Clif), Francisco Martínez Bouzas (Faro de Vigo), Armando Requeixo (Tempos Novos) e Ramón Nicolás (La Voz de Galicia).